

ERITRODISESTESIA PALMO-PLANTAR: A PROPÓSITO DUN CASO

Autores: Ferreiro Sanmartín, Irene (1); López Fernández, Antía (2); Morán Valiño, Alejandro (3).

1,3: Residentes no Centro de Saúde A Milagrosa (Lugo); 2: Médico de familia no Centro de Saúde Illas Canarias (Lugo).

Motivo de consulta

Varón de 55 anos que consulta por parestesias e tumefacción en mans e pés.



Antecedentes persoais

- Non alerxias medicamentosas coñecidas.
- Ex-fumador desde 2020.
- Carcinomatose peritoneal por adenocarcinoma de apéndice, tratado con quimioterapia neoadxuvante + cirurxía citorreductora + quimioterapia adxuvante (iniciado Bevacizumab + Capecitabina un mes antes da consulta actual).

Anamnese

- O paciente consulta por sensación de tumefacción e parestesias en ambas mans, e dor e parestesias en ambos pés, de varios días de evolución, con empeoramento nas últimas 24 horas.
- Non convivientes ou familiares con clínica similar.

Exploración física:

Eritema palmo-plantar asociado a certa tumefacción en pés e mans. Pel íntegra, excepto 2 ampollas secundarias a un traumatismo previo. Non datos de artrite. Resto sen alteracions.

Probas complementarias

Última analítica sen alteracions significativas.

Plan de actuación

- Clobetasol en oclusión polas noites e antiinflamatorio oral.
- Teleconsulta a Dermatoloxía, que confirma o diagnóstico e a adecuación do tratamiento.
- Contáctase con Oncoloxía, que suspende o fármaco.

Evolución:

A pesar do tratamento inicial persistía a clínica, polo que se engadiu Prednisona oral, con melloría nas lesións dos pés, pero persistindo no momento actual as das mans.

CLÍNICA




ANTECEDENTES



TRATAMIENTO ONCOLÓXICO ACTUAL

**ERITRODISESTESIA
PALMO-PLANTAR**
Secundaria a
Capecitabina



Conclusíons

- A eritrodisestesia palmo-plantar é un efecto secundario de diversos fármacos oncolóxicos, entre eles a Capecitabina.
- Importancia de que en Atención Primaria coñezamos os efectos secundarios dos tratamentos e o seu manexo, incluso dos tratamentos que só se pautan a nivel hospitalario, xa que somos a porta de acceso ao sistema sanitario, e onde os pacientes consultarán inicialmente.